



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 473/180518  
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 N° CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO N° 046/GA/SA680A

## PRODUTO

### ISOCHRYSIS 18%

## DESCRIPCIÓN

**Microalgas concentradas** marrón-douradas e flaxeladas do xénero ***Isochrysis***. Idónea para a alimentación de rotíferos, artemia, copépodos, crustáceos e moluscos bivalvos nas súas distintas fases de desenvolvemento. Alga de pequeno tamaño (3-6  $\mu\text{m}$ ) con altas porcentaxes de DHA, esencial para o normal desenvolvemento e crecemento de larvas de peixes, crustáceos e moluscos. Producido e envasado en condicións de esterilidade, este produto asegura unha **nutrición completa**, garantindo o **crecemento** e a **vitalidade** dos animais. Permite a **redución de custos** ao diminuír as necesidades de produción propia de microalgas. Posibilita a alimentación larvaria durante calquera estación do ano.

## CARACTERÍSTICAS

Parámetros nutricionais							
Proteína	Carbohidratos	Lípidos	DHA	ARA	Vitamina C	Clorofila A	Densidade celular
45%	30%	27%	[10,2%]	[0,5%]	0,40%	0,98%	14.000x10 <sup>6</sup> /mL

## DESTINO E MODO DE EMPREGO

**Enriquecemento de DHA:** mesturar 12 partes de Isochrysis 18% con 1 parte de Nannochloropsis 18%. Cada mL alimentará arredor de 80K a 120K rotíferos tipo L/día.

**Ameixa, ostra e vieira:** recomendamos a mestura de 20% de Pavlova 18%, 30% de Isochrysis 18% e 50% de Acuiclam®. Ración de mantemento: alimentar a unha taxa diaria do 1,5% do peso vivo total dos animais estabulados. Ración de crecemento: alimentar a unha taxa diaria do 3% do peso vivo total dos animais estabulados.

## PREZO ORIENTATIVO

Prezo variable segundo o volume de compra e condicións de pagamento. Para máis información consulte coa nosa oficina comercial en [ventas@acuinuga.com](mailto:ventas@acuinuga.com).

## DISPOÑIBILIDADE

Prazo de entrega: 15 días laborables desde a data de pedido.

## OBSERVACIÓNS

*Isochrysis* 18% pódese almacenar refrixerada (-2 °C a 4° C) durante 10-12 semanas, sen alteración das súas propiedades nutritivas. Non conxelar.